

A TODOS OS MEUS BOS PAISANOS

Vojtěch Jasný, 1968

1481

ESTREA EN NUMAX: 13.03.2020 | V.O.S.E. | +18

Durante a posguerra española, Anxo regresa ao seu pobo no interior de Galicia. Alí crúzase con outros personaxes, gañadores e vencidos dunha España dividida: unha viúva que non quere lembrar, un comerciante que emigra, un prisioneiro republicano que describe o seu calvario. A entrega dunha carta obriga a Anxo a cruzar a fronteira e adentrarse no longa noite franquista. As pantasma que todos crían esquecidas invaden o presente.



Unha caída no inferno totalitario

Por Paula Arantzazu Ruiz

Os ciclos da natureza e da humanidade imbrícanse, de maneira lírica e apesadumbrada, en *A todos os meus bos paisanos*, unha película decisiva para Vojtěch Jasný en máis dun sentido.

Non só porque esa obra conclúe unha triloxía que, tamén formada por *O desexo* (Touha, 1958) e *Un día, un gato* (Až přijde kocour, 1963), aborda as transformacións do seu país tras a Segunda Guerra Mundial e a implantación do comunismo, senón porque é tamén a última que rodaría en Checoslovaquia, tras a invasión soviética de 1968 e a polémica que envolveu a estrea. As críticas vertidas neste retrato sen concesións da violenta xestión do «apparatchik» e a súa oposición para retractarse puxeron fin á súa actividade cinematográfica na terra que o viu nacer, pola que loitou na resistencia durante a guerra e a que fixo del un cineasta exemplar. “Na vida de todo home sempre chega un momento decisivo”, reza a cartela que inaugura *A todos os meus bos paisanos*. Non son palabras baleiras.

Pero, ademais de exercer de obra de denuncia, *A todos os meus bos paisanos* é dos filmes de Jasný máis emotivos. Mediante unha estrutura episódica, o cineasta narra o xiro moral dunha localidade de Moravia cando, tras a guerra, se impón o experimento comunista. En apenas dous capítulos, o elenco coral pasará da alegría por un novo amencer —a fotografía de Jaroslav Kučera volve ser decisiva para rexistrar a euforia preciosista dos primeiros compases da fita— ao terror absoluto. Unha caída en toda regra no inferno totalitario. A pesar de todo, o sol segue saíndo e as flores volven brotar. Ou, como se lamentan no corolario, «as guerras continuarán ata que todos nos matemos e só queden unha vaca e un touro. E entón empezará a prosperidade».

Paula Arantzazu Ruiz, crítica de cine en Cinemanía e Rockdelux.